

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 23/02/2023**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista non asistentes:

-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 23/02/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 26 de xaneiro de 2023.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xaneiro de 2023.

3. Toma de coñecemento do informe de do informe de Intervención relativo ao cumprimento da normativa en materia de Morosidade nas operacións comerciais correspondente ao 4 ° trimestre/2022, Concello e Fundación de Deportes

4. Aprobación, se procede, da declaración das obras de acondicionamento de local para comedor social e servizos de Cáritas, como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2023 por importe de 107.329,03 €.

6. Aprobación provisional, se procede, da modificación da Ordenanza Fiscal I.3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

7. Aprobación inicial, se procede, das bases reguladoras das axudas municipais de inclusión social.

8. Toma de decisión polo órgano de contratación, sobre as peticións de acceso ao expediente, así como á documentación presentada polos licitadores no contrato de servizos denominado "contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa".

9. Adxudicación, se procede, do contrato de servizos denominado "CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA"

10. Aprobación, se procede, do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día internacional das Mulleres.

11. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para declarar o 23 de febreiro Día de Rosalía de Castro

14. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a implementación dun plan de actuación integral de mellora dos parques do municipio.

15. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

- 16 Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
18. Rogos e preguntas formuladas polos/as Concelleiros/as da Corporación Municipal.
19. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Polo Sr. Alcalde disculpase a ausencia do Concelleiro D. Juan Manuel Fajardo Recouso.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE XANEIRO DE 2023. Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21) a acta da sesión anterior de data 26 de xaneiro de 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2023: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

3 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde

1 Expte. Modificación de crédito por transferencia

1 Expte. De prórroga do Orzamento do Exercicio 2022

1 Alta certificado xestión interna para operador de rexistro

4 Licenza tenza animais potencialmente perigosos

1 Resolución baixas Padrón de habitantes por inscrición indebida

29 Resolucións primeiras alegacións expedientes sancionadores de tráfico

2 Aboamento servizos nocturnos

2 Nomeamento funcionario/a interino/a por substitución

2 Pago taxa publicación anuncio DOG

1 Delegación funcións da Alcaldía

2 Delegación substitución Secretaria Xeral

4 Gratificación substitución posto de categoría superior

1 Recoñecemento de obriga tribunal selección persoal Plan Concellos 2023

1 Aprobación padrón auga 4º Trimestre 2022

2 Envío expediente a Xulgado Contencioso Administrativo

1 Estimatoria rateo no IVTM

2 Estimatoria ICIO

12 Estimatoria Pagos Duplicados

5 Estimatoria recibos

11 Estimatoria liquidacións e baixas

3 Estimatoria pagos indebidos

20 Estimatoria compensación de débedas

1 Estimatoria cambio de xestión de Ben Inmóble

3 Estimatoria IBI

67 Estimatoria/deseestimatoria beneficios fiscais no IVTM

6 Estimatoria bonificación no IBI

7 Estimatoria IVTM

54 Estimatoria/deseestimatoria taxas e prezos públicos

1 Deseestimatorias Bens Urbana

16 Estimatoria/desestimatoria IIVTNU
 1 Fraccionamento denegado
 3 Pago expedientes Intervención
 6 Comisi3ns bancarias
 4 Expedientes Tesourería
 4 Pago préstamos bancarios
 2 Comunicación previa inicio actividade
 1 Comunicación cambio de titularidade actividade
 16 Deber de conservación
 12 Reposición da legalidade urbanística
 1 Arquivo expediente de obras
 1 Licenza demolición
 1 Informe desfavorable ampliacion rede telecomunicacións
 2 Legalización obras
 1 Desestimiento comunicación previa de obras
 4 Licenza de obra maior
 3 Licenza de primeira ocupación e/ou acometida e/ou conexión auga e/ou saneamento
 23 Comunicación previa obras

TOTAL: 351

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE MOROSIDADE NAS OPERACI3NS COMERCIAIS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2022, CONCELLO E FUNDACI3N DE DEPORTES:

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de contas de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2022, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	608.583,75	1.687.366,26
Investimentos reais	1.506.412,57	117.853,73
Outros pagos realizados por operacións comerciais		583,00
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	2.114.996,32	1.805.802,99

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.626.664,34	506.758,24
Investimentos reais	191.525,83	53.407,81

Outros pagos realizados por operacións comerciais	654,50	
Pendientes de aplicar a Orzamento	30.428,03	10.921,01
TOTAL	1.849.272,70	571.087,06

Período medio de pago: 50,82 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes (Interventora do Concello), no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	72.498,23	
Investimentos reais	7.189,45	2.828,87
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		
TOTAL	79.687,68	2.828,87

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	153.779,28	
Investimentos reais	595,32	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento	3.412,08	
TOTAL	157.786,68	0,00

Período medio de pago: 9,90 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COMEDOR SOCIAL E SERVIZOS DE CÁRITAS, COMO DE ESPECIAL INTERESE, A EFECTOS DE BONIFICACIÓN DO ICIO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de contas de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do informe da Sección de Rendas, do seguinte teor:

ASUNTO: SOLICITUDE DE BONIFICACION NO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

INFORME:

Antecedentes de feito: D. JOSÉ ANUNCIO MOURIÑO RAÑÓ e/r CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA solicita o 05/11/2021 (RE WEB2021007786) a bonificación no ICIO correspondente á obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA COMEDOR SOCIAL E SERVICIOS DE CARITAS”, a realizar na Avda. Rosalía de Castro nº 28, con fundamento en que se

trata dunha obra de especial interés ou utilidade pública por concorrer circunstancias sociais.
Fundamentos de dereito: Consultada a normativa de aplicación, o art 4.2 da Ordenanza Fiscal nº I.3, reguladora do Imposto dispón, en concordancia co art. 103.2.a) do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o seguinte:

“O Pleno da Corporación poderá declarar, previa solicitude dos interesados e os informes dos técnicos municipais, que determinadas construcións, instalacións ou obras son de especial interés ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Dita declaración require o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Declarada dita utilidade a Xunta de Goberno Local poderá aplicar unha bonificación da cota en atención ós documentos existentes no expediente e que motivaron a declaración de especial interés ou utilidade pública municipal.

Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra.”

Proposta de resolución:

A solicitude de licenza de obra foi presentada o 05/11/2021.

A solicitude de bonificación do Icio foi presentada o 05/11/2021.

A licenza de obra foi concedida por Resolución de Alcaldía de data 27/07/2022 e 26/10/2022.

A obra da que se solicita a bonificación ten como obxectivo o acondicionamento do local situado na Avda Rosalía de Castro nº 28, para a súa utilización como comedor social, o que fai que dita obra, a xuízo de quen informa, deba ser considerada de interés social.

Por todo elo, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** a concesión da bonificación instada.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a declaración das obras de acondicionamento de local para comedor social e servizos de Cáritas como de especial interese, a efectos de bonificación do ICIO.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: A declaración das obras de acondicionamento de local para comedor social e servizos de Cáritas como de especial intereses aos efectos de aplicar a bonificación no ICIO

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 01/REC/2023 POR IMPORTE DE 107.329,03 €.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de contas de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

Por esta Alcaldía achegouse memoria para a aprobación do expediente de recoñecemento de crédito 01/REC/2023 de conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal, na que se recollían os seguintes gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. Nº: F/2022/120 cun importe de 2.414,75€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2022 que corresponden a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron devengados no exercicio 2021 e 2022 que non puideron ser tramitados con anterioridade á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal, por non contar con crédito axeitado e suficiente naquel intre así como o xustificante da cuota de adhesión do ano 2021 á favor da Fundación Juana de Vega pola cota do ano 2021 ao programa Vilas en Flor e que foi recibida o 19 de outubro de 2022.

2. Nº F/2022/149 cun importe de 97.811,58€: comprende xustificantes con rexistro contable no exercicio 2022 que corresponden a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron devengados nos exercicios 2020, 2021 e 2022 que non puideron ser tramitados con anterioridade á data de peche contable aprobada mediante instrución interna da Intervención municipal, por non contar con crédito axeitado e suficiente naquel intre.

3. Factura con rexistro F/2022/609 e cun importe de 6.534,00€, correspondente a contrato de servizo de limpeza e inspección de colectores na rúa Xunqueira realizados no exercicio 2022 e recibida no 2023 que non ten cabida na Base 21 das de Execución do orzamento, por non existir crédito suficiente na aplicación correspondente no intre do gasto.

Á vista do informe de corrección de erros elaborado pola intervención municipal, procede incorporar o seguinte gasto:

4. Factura con rexistro F/2023/535 e cun importe de 568,70€, correspondente a un gasto derivado dunha terceira sesión dos talleres de cociña de hábitos saudables, que non estaba contratada inicialmente, realizado no exercicio 2022 e recibida no 2023 que non ten cabida na Base 21 da Execución do orzamento.

Considerando as indicacións feitas na memoria precedente que consta no expediente e visto o informe de corrección de erros emitido pola intervención municipal, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, actualizar a proposta de acordo seguinte:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2023, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de Nº F/2022/120, F/2022/149 e dos xustificante F/2023/609 e F/2023/535 anexas ao expediente, por un importe global de 107.329,03 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2023 (2022 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2023 por importe de 107.329,03 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 01/REC/2023, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de Nº F/2022/120, F/2022/149 e dos

xustificante F/2023/609 e F/2023/535 anexas ao expediente, por un importe global de 107.329,03 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2023 (2022 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL I.3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de contas de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

Asunto: PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ORDENANZA Nº I.3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Informado favorablemente, propoño que pola Comisión Informativa de Economía Facenda e Especial de Contas se ditamine favorablemente, así como a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- A modificación proposta é do seguinte tenor:

Supresión do último parágrafo do artigo 4.2: Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra.

A modificación do parágrafo do apartado 7 do artigo 4, que quedaría redactado do seguinte xeito:

7. Normas de procedemento para a aplicación dos beneficios fiscais contidos neste artigo:

Para a concesión dos beneficios fiscais será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de seis meses dende a concesión da licenza, declaración responsable ou comunicación previa, practicándose polo Negociado de Rendas liquidación provisional do imposto polo 100% da cota. Unha vez concedido o beneficio polo órgano competente, os interesados poderán solicitar a devolución da parte correspondente segundo a porcentaxe de bonificación concedida ou, se achega certificado de titularidade bancaria no momento da solicitude de bonificación, realizarase a devolución de oficio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.3, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.
As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.
En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza Fiscal I.3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación da Ordenanza Nº I.3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, do seguinte xeito:

Supresión do último parágrafo do artigo 4.2: Os interesados deberán efectuar a solicitude de bonificación no momento en que se efectúe a solicitude da licenza de obra e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, o que se acreditará co certificado expedido polo Técnico Director da obra.
A modificación do parágrafo do apartado 7 do artigo 4, que quedaría redactado do seguinte xeito:

7. Normas de procedemento para a aplicación dos beneficios fiscais contidos neste artigo:

Para a concesión dos beneficios fiscais será requisito a solicitude expresa do obrigado ao pago no prazo máximo de seis meses dende a concesión da licenza, declaración responsable ou comunicación previa, practicándose polo Negociado de Rendas liquidación provisional do imposto polo 100% da cota. Unha vez concedido o beneficio polo órgano competente, os interesados poderán solicitar a devolución da parte correspondente segundo a porcentaxe de bonificación concedida ou, se achega certificado de titularidade bancaria no momento da solicitude de bonificación, realizarase a devolución de oficio.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o texto aprobado provisionalmente da Ordenanza Fiscal Nº I.3, durante o prazo de 30 días hábiles, así como publicar o anuncio de exposición ao público durante dito prazo no BOP e nun dos diarios de maior difusión da provincia, co fin de que por todos os interesados se presenten as alegacións e as reclamacións que teñan por conveniente.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións contra a aprobación inicial destas modificacións, elevarase a definitivo o acordo provisional sen necesidade de adopción de novo acordo do Pleno Municipal que así o declare.

TERCEIRO.- Os acordos de aprobación definitiva, incluídos os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións propostas, haberán de ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, do seguinte teor:

O Concello de Vilagarcía de Arousa ten vixente as bases reguladoras das Axudas Municipais de

Inclusión Social aprobadas definitivamente en sesión plenaria celebrada o 28 de outubro de 2021 e publicadas no BOP N°218, venres 12 de novembro de 2021. Entre as tipoloxías de axudas a conceder se atopan aquelas destinadas a dar cobertura a gastos relacionados con necesidades básicas persoais.

A análise do contexto socioeconómico derivado da pandemia pola Covid 19 e posteriormente da guerra de Ucraína obsérvase un incremento notable na demanda desta tipoloxía de axuda con respecto aos anos anteriores xunto coa desaparición da Tarxeta Moedeiro da Xunta de Galicia para garantir gastos de alimentación e hixiene.

Visto o informe da coordinadora do Centro de Servizos Sociais , así como os datos do mes de decembro de 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia sobre o Índice de Prezos de Consumo de Alimentos e bebidas non alcohólicas cunha variación do 16,2 % anual, a Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores propón para a súa aprobación ante o Pleno da Corporación Local o incremento do 20% nos límites da contía máxima da axuda para alimentación e hixiene coa modificación do artigo 10.1 letra a) das Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social nos seguintes termos:

Artigo 10-. Punto 1 letra a

Onde dí:

1. “ Necesidades básicas persoais:.

1. Alimentación e hixiene: en función do número de membros da unidade familiar de convivencia:

Nº de persoas	Contía máxima de axuda/mes
1	50
2	100
3	150
4	200
5 ou máis	250

Debería decir:

1. “ Necesidades básicas persoais:.

1. Alimentación e hixiene: en función do número de membros da unidade familiar de convivencia:

Nº de persoas	Contía máxima de axuda/mes
1	60
2	120
3	180
4	240
5 ou máis	300

Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial da modificación das bases reguladoras das axudas municipais de inclusión social e expoñer ao público o texto aprobado inicialmente durante o prazo de 30 días hábiles, e publicar o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE Aprobar inicialmente a modificación das bases reguladoras das axudas municipais de inclusión social e expoñer ao público o texto aprobado inicialmente durante o prazo de 30 días hábiles, e publicar o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- TOMA DE DECISIÓN POLO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, SOBRE AS PETICIÓNS DE ACCESO AO EXPEDIENTE, ASÍ COMO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES NO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO E LIMPEZA VIARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA”. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta dos informes emitidos pola Secretaria Xeral:

- Informe de data 20 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

ANTECEDENTES:

Por acordo do Pleno da Corporación de data 28 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para adxudicar o contrato de servizos de “Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa”, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e os seus respectivos anexos, autorizouse o gasto por importe de 39.865.737,60€ e aprobouse a apertura do procedemento de adxudicación, mediante a publicación do correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante do órgano de contratación (Pleno da Corporación), fixéndose un prazo de presentación de ofertas de 60 días.

Mediante publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público do anuncio de licitación, o 12 de novembro de 2021 e os pregos, o 15 de novembro de 2021, así como no Diario Oficial da Unión Europea do 15 de novembro do mesmo ano (2021/S 221-582861) abriuse o prazo de presentación de ofertas, durante o cal se presentaron os seguintes operadores económicos:

- ASCAN SERVICIOS URBANOS SL- CIVIS GLOBAL SLU
- CESPAN COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A.
- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.
- S.A. DE GESTION DE SERVICIOS Y CONSERVACION: GESECO
- URBASER, S.A.
- VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Na documentación presentada polos licitadores se fai constar a confidencialidade dos seguintes apartados das súas ofertas:

a) ASCAN SERVICIOS URBANOS SL- CIVIS GLOBAL SLU

Sobre nº 2 (criterios sujetos a juicio de valor): Íntegro.

b) CESPAN COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A.

Sobre nº 2 (criterios suxeitos a xuízos de valor):

- Documento resumo
- Tomo A (servizo de recollida e transporte de residuos e xestión do punto limpo)
- Tomo B (servizo de limpeza viaria)
- Tomo C (organización xeral do servizo)

- Tomo D (control e seguimento do contrato)
- Tomo E (sensibilización e atención ao usuario)
- A información gráfica
- Documento en formato Excel anexo ao documento resumo.

Sobre nº 3 (criterios evaluables automáticamente):

- Estudio económico

c) FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Sobre nº 2 (criterios suxeitos a xuízo de valor):

- Documento resumo dos tomos A a E: Totalmente confidencial, salvo o punto 0. (Introducción.)
- Tomo A (servizo de recollida e transporte de residuos e xestión do punto limpo): Totalmente confidencial, salvo as páxinas 1, 2, 3 y 4.
- Tomo B (servizo de limpeza viaria): Totalmente confidencial, salvo o punto 1 (diagnóstico e adecuación da proposta técnica a nivel de detalle).
- Tomo C (organización xeral do servizo): Totalmente confidencial.
- Documento Excel de características técnicas maquinaria e equipos: Totalmente confidencial.
- Tomo D (control e seguimento do contrato): Totalmente Confidencial, salvo o punto 1 (sistema integral de xestión do servizo e de comunicación de incidencias a o seu seguimento).
- Tomo E (sensibilización e atención ao usuario): Totalmente confidencial.
- Anexos documentación gráfica: Totalmente confidencial.

Sobre nº 3 (criterios evaluables automáticamente):

- Documento Tomo I – Estudio Económico: Totalmente confidencial
- Custes_anuais_oferta_económica: Totalmente confidencial

d) S.A. DE GESTION DE SERVICIOS Y CONSERVACION: GESECO

Sobre nº 2 (criterios suxeitos a xuízo de valor):

- Tomo A (servizo de recollida e transporte de residuos e xestión do punto limpo)
- Tomo B (servizo de limpeza viaria)
- Tomo C (organización xeral do servizo)
- Documento resumo.

e) URBASER, S.A.

Sobre nº 2 (criterios suxeitos a xuízo de valor):

- Tomo A (servicio de recollida e transporte de residuos e xestión do punto limpo), nos seguintes apartados:

1.1.2 Xeración de residuos no municipio

1.2 Proposta técnica

2 Planificación e organización dos servizos

3 Protocolos de actuación ante emerxencias

4 Planificación e calendario de prestación dos servizos de contenerización

5 Características dos contedores

6 Plan de xestión para potenciar a eficiencia dos servizos e reducir o tempo de presenza na vía pública

- Tomo B (servizo de limpeza viaria), nos seguintes apartados:

1.2 Proposta técnica

2 Planificación e organización dos servizos

3 Protocolos de actuación ante emerxencias e actuacións de prevención

4 Plan de lavado, reposición, mantemento e reparación papeleiras

- Tomo C (organización xeral do servizo), nos seguintes apartados:

1 Recursos humanos adscritos á execución do contrato

2 Instalacións fixas

3 Medios materiais

- Tomo D (control e seguimento do contrato), nos seguintes apartados:

2 Sistema informático de xestión integral do servizo e de comunicación de incidencias e do seu seguimento

- Tomo E (sensibilización e atención ao usuario), nos seguintes apartados:

1 Proxecto de comunicación

2 Atención ás persoas usuarias

- Documento resumo na súa totalidade
- Plantilla sobre 2 na súa totalidade

Sobre nº 3 (criterios evaluables automaticamente):

- Estudio económico, na súa totalidade

f) VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Sobre nº 2 (criterios suxeitos a xuízo de valor):

- Tomo A (servizo de recollida e transporte de residuos e xestión do punto limpo)
- Tomo B (servizo de limpeza viaria)
- Tomo C (organización xeral do servizo)
- Documento resumo
- Documento Excel (características_tecnicas.xlsx)

Sobre nº 3 (criterios evaluables automaticamente):

- Documento Estudio Económico (Excel)
- Documento Excel Costes_anuais_oferta_económica

Con data 9 de febreiro de 2023, a mesa de contratación do contrato de referencia formulou proposta de adxudicación ao órgano de contratación do contrato de servizos denominado “Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de licitación de 36.241.579,64 € (sen IVE) e de 39.865.737,60 € (IVE incluído), sendo o orzamento basee de licitación anual de 4.530.197,45 € (sen IVE), 4.983.217,20 € (con IVE), á empresa con NIF: A79524054 URBASER,S.A., por un prezo de 34.790.892,24 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 3.479.089,22 €, o que totaliza un importe de 38.269.981,46 € (IVE incluído), para un período de 8 anos; sendo o prezo anual de 4.348.861,53 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 434.886,15 €/ano, o que totaliza un importe total anual de 4.783.747,68 €/ano, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación e conforme as cláusulas contidas nos pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares que rexen a adxudicación do presente contrato e debendo axustarse, durante o período de execución do contrato aos citados pregos, así como aos termos da súa oferta, os cales formarán parte do contrato.”

Na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde o concello de Vilagarcía de Arousa ten aloxado o seu perfil da contratante figura, con acceso público, entre outra, a seguinte documentación: actas dos órganos de asistencia de datas 20 de xaneiro de 2022, 25 de xaneiro de 2022, 26 de xaneiro de 2023 e 9 de febreiro de 2023, informe técnico de valoración de ofertas técnicas, de data 25 de xaneiro 2023 e acta da mesa de contratación de data 9 de febreiro de 2023 -onde se transcribe o informe do arquitecto municipal de valoración da documentación contida no sobre 3 (oferta económica e criterios avaliados automaticamente), valóranse os criterios avaliados automaticamente e fórmulase proposta de adxudicación do contrato-.

Polo licitadores FCC Medio Ambiente, S.A.U. (con data 15 de febreiro de 2023) e por Prezero

España, S.A.U. (anteriormente denominada CESPAs Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares, S.A) –con data 16 de febreiro de 2023-, se ha solicitado acceso e, no seu caso, copias dos documentos obrantes no expediente de contratación nos seguintes termos:

Prezero: "... Tomar vista das memorias técnicas presentadas por todas as empresas participantes nesta licitación do expediente de referencia, así como a obtención de copia dos documentos que poidan afectar os intereses do meu mandante, por mor da vista do expediente"

FCC: "...conceda o acceso solicitado: (i) ao expediente (ii) os posibles informes emitidos e (iii) a documentación presentada polas empresas licitadoras.

Vistas as peticións citadas concédese a todos os licitadores un prazo ata o mércores 22 de febreiro de 2023 (incluído), para que aleguen o que ao seu dereito conveña, previo á resolución que dite o órgano de contratación, sobre as solicitudes presentadas por FCC e Prezero

Emítase o presente informe en relación coa declaración de confidencialidade presentada polos licitadores nas súas ofertas e tendo en conta as peticións de acceso á documentación unha vez finalizado o proceso de licitación.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por el que se transpone al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas.
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo sobre contratación pública.
- la Directiva 2016/943, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 8 de junio de 2016, relativa a la protección de los conocimientos técnicos y la información empresarial no divulgados (secretos comerciales) contra su obtención, utilización y revelación ilícitas.
- Ley 1/2019, de 20 de febrero, de Secretos Empresariales.

INFORME:

O artigo 21 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE, en relación coa confidencialidade sinala:

«1. Salvo que se disponga de outro modo en la presente Directiva o en el Derecho nacional a que esté sujeto el poder adjudicador, en particular la legislación relativa al acceso a la información, y sin perjuicio de las obligaciones en materia de publicidad de los contratos adjudicados y de información a los candidatos y a los licitadores establecidas en los artículos 50 y 55, el poder adjudicador no divulgará la información facilitada por los operadores económicos que estos hayan designado como confidencial, por ejemplo, los secretos técnicos o comerciales y los aspectos confidenciales de las ofertas.

2. Los poderes adjudicadores podrán imponer a los operadores económicos requisitos destinados a proteger el carácter confidencial de la información que los poderes adjudicadores proporcionen durante el procedimiento de contratación.»

Por su parte la normativa española, artículo 133 Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público, por la que se transpone al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, regula el tema de la confidencialidad, establece que:

NIF: A28760692 VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Presenta a seguinte documentación:

1. Oferta Económica Anexo III
2. Aptitude do subcontratista
3. Declaración de Confidencialidade
4. Compromiso subcontratación COREGAL
5. Anexo Custes Anuais oferta económica
6. Estudo Económico

A súa oferta económica desagregase da seguinte maneira:

1.- Prezo Anual ofertado:

Servizo de contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa.	
Licitador: VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	
(Sen IVE)	4.344.459,35 €
(10% IVE)	434.445,94 €
(IVE incluído)	4.778.905,29 €

O prezo anual ofertado desagregase do seguinte modo:

VALORIZA MEDIOAMBIENTALES, S.A.	SERVICIOS	Servizo de Contenerización, recollida e transporte de residuos e xestión do Punto Limpo	Servizo de Limpeza Viaria
Sin IVA		1.914.340,57 €	2.430.118,78 €
IVA (10%)		191.434,06 €	243.011,88 €
IVA incluído		2.105.774,63 €	2.673.130,66 €

2.- VALORIZA SERVICIOS AMBIENTALES, S.A. comprométese a subcontratar, desde o inicio da execución do contrato e durante toda a duración do mesmo, da prestación dos servizos de recollida e transporte de papel cartón en contedor e envases lixeiros, nas condicións esixidas nos pregos que rexen a licitación, cun centro especial de emprego de iniciativa social legalmente constituído e rexistrado.

3.- As melloras ofertadas por VALORIZA SERVICIOS AMBIENTALES, S.A. son as seguintes:

- Creación dun espazo de reutilización e preparación para a reutilización, durante toda a duración do contrato, que inclúa almacén e espazo de reparación de RAEEs, material deportivo, mobles ou enxoval do fogar, entre outros, así como a xestión dunha bolsa de material reutilizable para posterior uso polo municipio. Número total anual de horas ofertadas para a realización desta tarefa: 500 horas. (Valoración anual 100.320,00 €).

- Asunción do custo da xestión final e tratamento dos residuos do punto limpo (incluído o punto limpo móbil) por xestor autorizado durante toda a vixencia do contrato. (Valoración anual 99.962,39 €)

- Oferta, como exclusivos e reversibles ao concello, dos medios materiais e mecánicos non contemplados no prego de prescricións técnicas particulares como de carácter exclusivo. (valoración anual 29.245,12 €).

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1 NIF: A79524054 URBASER, S.A. Proposto para a adxudcación

Total criterios CJV: 46

Total criterios CAF: 46.49

Total puntuación: 92.49

Orde: 2 NIF: A82741067 CESPAS COMPANHIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES, S.A. (nova denominación social: PREZERO ESPAÑA, S.A.U.)

Total criterios CJV: 41.54

Total criterios CAF: 48.54

Total puntuación: 90.08

Orde: 3 NIF: A28541639 FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Total criterios CJV: 31.79

Total criterios CAF: 51

Total puntuación: 82.79

Orde: 4 NIF: A28760692 VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Total criterios CJV: 31.76

Total criterios CAF: 46.62

Total puntuación: 78.38

Orde: 5 NIF: B39866199 ASCAN SERVICIOS URBANOS SL- CIVIS GLOBAL SLU (excluído da licitación)

Total criterios CJV: 25.8

Total criterios CAF:

Total puntuación: 25.8

Orde: 6 NIF: A81527095 S.A. DE GESTION DE SERVICIOS Y CONSERVACION: GESECO(excluído da licitación)

Total criterios CJV: 22.67

Total criterios CAF:

Total puntuación: 22.67

Á vista do que antecede, propónse ao Pleno da Corporación Municipal adxudicar o contrato de servizos denominado "Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de licitación de 36.241.579,64 € (sen IVE) e de 39.865.737,60 € (IVE incluído), sendo o orzamento basee de licitación anual de 4.530.197,45 € (sen IVE), 4.983.217,20 € (con IVE), á empresa con NIF: A79524054 URBASER,S.A., por un prezo de 34.790.892,24 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 3.479.089,22 €, o que totaliza un importe de 38.269.981,46 € (IVE incluído), para un período de 8 anos; sendo o prezo anual de 4.348.861,53 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 434.886,15 €/ano, o que totaliza un importe total anual de 4.783.747,68 €/ano, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación e conforme as cláusulas contidas nos pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares que rexen a adxudicación do presente contrato e debendo axustarse, durante o período de execución do contrato aos citados pregos, así como aos termos da súa oferta, os cales formarán parte do contrato.

O prezo anual ofertado desagregase do seguinte modo:

URBASER, S.A.	Servizo de Contenerización, recollida e transporte de residuos e xestión do Punto Limpo	Servizo de Limpeza Viaria
Sen IVE	1.838.832,11€/año	2.510.029,42 €/año
IVE (10%)	183.883,21 €/año	251.002,94 €/año
IVE incluído	2.022.715,32 €/año	2.761.032,36 €/año

URBASER, S.A. comprométese a subcontratar, desde o inicio da execución do contrato e durante toda a duración do mesmo, a prestación dos servizos de recollida e transporte de papel cartón en contedor e envases lixeiros, nas condicións esixidas nos pregos que rexen a licitación, cun centro especial de emprego de iniciativa social legalmente constituído e rexistrado (Cogami Reciclado de Galicia, S.L.U. -Coregal-)

As melloras ofertadas por URBASER, S.A. son as seguintes:

- Creación dun espazo de reutilización e preparación para a reutilización, durante toda a duración do contrato, que inclúa almacén e espazo de reparación de RAEEs, material deportivo, mobles ou enxoval do fogar, entre outros, así como a xestión dunha bolsa de material reutilizable para posterior uso polo municipio.

Número total anual de horas ofertadas para a realización desta tarefa: 500 horas. (Valoración anual 10.075,30 €).

- Asunción do custo da xestión final e tratamento dos residuos do punto limpo (incluído o punto limpo móbil) por xestor autorizado durante toda a vixencia do contrato. (Valoración anual 67.971,05 €)

- Oferta, como exclusivos e reversibles ao concello, dos medios materiais e mecánicos non contemplados no prego de prescricións técnicas particulares como de carácter exclusivo. (valoración anual 180.854,99 €).

Valoración total anual das melloras ofertadas: 258.901,34 €

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a adxudicación do contrato de servizos denominado Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa á Empresa URBASER SA, de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación en sesión celebrada o día 9 de febreiro de 2023.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12) e BNG (1), cinco abstencións dos Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4) e Concelleiro non adscrito (1), e un voto en contra, da Concelleira pertencente ao grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila.

ACÓRDASE: Por maioría adxudicar o contrato de servizos denominado “Contenerización, recollida e transporte de residuos, xestión do punto limpo e limpeza viaria de Vilagarcía de Arousa, cun orzamento de licitación de 36.241.579,64 € (sen IVE) e de 39.865.737,60 € (IVE incluído), sendo o orzamento basee de licitación anual de 4.530.197,45 € (sen IVE), 4.983.217,20 € (con IVE), á empresa con NIF: A79524054 URBASER,S.A., por un prezo de 34.790.892,24 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 3.479.089,22 €, o que totaliza un importe de 38.269.981,46 € (IVE incluído), para un período de 8 anos; sendo o prezo anual de 4.348.861,53 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (10%) de 434.886,15 €/ano, o que totaliza un importe total anual de 4.783.747,68 €/ano, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación e conforme as cláusulas contidas nos pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares que rexen a adxudicación do presente contrato e debendo axustarse, durante o período de execución do contrato aos citados pregos, así como aos termos da súa oferta, os cales formarán parte do contrato e que se citan a continuación dun xeito resumido:

O prezo anual ofertado desagregase do seguinte modo:

URBASER, S.A.	Servizo de Contenerización, recollida e transporte de residuos e xestión do Punto Limpo	Servizo de Limpeza Viaria
Sen IVE	1.838.832,11€/año	2.510.029,42 €/año
IVE (10%)	183.883,21 €/año	251.002,94 €/año
IVE incluído	2.022.715,32 €/año	2.761.032,36 €/año

URBASER, S.A. comprométese a subcontratar, desde o inicio da execución do contrato e durante toda a duración do mesmo, a prestación dos servizos de recollida e transporte de papel cartón en contedor e envases lixeiros, nas condicións esixidas nos pregos que rexen a licitación, cun centro especial de emprego de iniciativa social legalmente constituído e rexistrado (Cogami Reciclado de Galicia, S.L.U. -Coregal-)

As melloras ofertadas por URBASER, S.A. son as seguintes:

- Creación dun espazo de reutilización e preparación para a reutilización, durante toda a duración do contrato, que inclúa almacén e espazo de reparación de RAEEs, material deportivo, mobles ou enxoval do fogar, entre outros, así como a xestión dunha bolsa de material reutilizable para posterior uso polo municipio.

Número total anual de horas ofertadas para a realización desta tarefa: 500 horas. (Valoración anual 10.075,30 €).

- Asunción do custo da xestión final e tratamento dos residuos do punto limpo (incluído o punto limpo móbil) por xestor autorizado durante toda a vixencia do contrato. (Valoración anual 67.971,05 €)

- Oferta, como exclusivos e reversibles ao concello, dos medios materiais e mecánicos non contemplados no prego de prescricións técnicas particulares como de carácter exclusivo. (valoración anual 180.854,99 €).

Valoración total anual das melloras ofertadas: 258.901,34 €

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER POLO 8M

Como Mulleres traballadoras gustaríanos non estar a celebrar este día, xa que iso supoñería que desde aquela manifestación de 1857 en Nova York ata hoxe, 8 de marzo do 2023, é dicir, 166 anos despois non teríamos que seguir reivindicando esta loita por uns dereitos esenciais.

Seguimos loitando por conseguir equipararnos ás mesmas condicións que os homes, e desvincularnos dos roles que nos outorgaron exclusivamente por ser mulleres (ama de casa, esposa fiel, coidadoras de nenas e maiores...etc)

Por fin logramos demostrar que **SE NÓS PARAMOS SE PARA O MUNDO.**

Hoxe unha vez máis nos unimos e saímos á rúa para gritar ao mundo, que necesitamos unha vida con dereitos todo o ano, solicitamos para todas e todos, porque iso é a igualdade, unha vida digna que nos una a enfrontarnos como sociedade a todos aqueles que só buscan o beneficio económico dunha minoría e fan a súa política desde a mentira e o desprezo ás mulleres e aos máis vulnerables.

Loitamos pola liberdade, pola diversidade sexual dunha sociedade aínda demasiado intolerante.

Loitamos por un mercado laboral baseado nunha igualdade real, loitamos por que as traballadoras que logramos acceder a un traballo non sexa unha mera fantasía, encubriendo unha realidade marcada pola precariedade, temporalidade, incerteza, baixos salarios e un teito de cristal.

Esiximos tamén, as pensións que nos gañamos, **NON MÁIS PENSIÓNS MISERIA**, que nos obrigan a sufrir pobreza na vellez.

Esiximos a cotitularidade das pensións que nos gañamos por dereito e que o tempo dedicado a coidados domésticos sexa recoñecido no cálculo das pensións levando a cabo a ratificación do convenio 189 da OIT, que regula o traballo doméstico.

Somos un pequeno movemento feminista que pertencemos a un eixo internacional e diverso dunha longa xenealoxía de loitas feministas.

E hoxe propoñemos outra forma de ver, de entender e de relacionarnos, en definitiva propoñemos seguir na loita para atopar un novo sentido común dentro desta aínda sociedade non igualitaria.

Por último, dende o Consello Local da Muller solicitamos á Corporación Municipal que apoie este Manifesto traballando para facer realidade as propostas que nel se fan a nivel do local e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 8 de marzo ás 12,00h.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Por unanimidade de de todas as persoas representantes dos grupos políticos municipais asistentes infórmase favorablmente a aprobación do Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACORDASE: Aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno: Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figuran solicitudes de participación cidadá:

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES EN GALIZA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 14 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Moción do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

Xosé Lois Leirós Gude, concelleiro do Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista– é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigas recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o Concello de Vilagarcía de Arousa promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propon-do a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. A Corporación do Concello de Vilagarcía de Arousa mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. A Corporación Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa insta á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres, así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Podemos-Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), e catro votos en contra dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (4)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

1. Mostrar o apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.

2. Instar á Xunta de Galiza a:

1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.

3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero

4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.

5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA DECLARAR O 23 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 14 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA DECLARAR O 23 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

Xosé Lois Leirós Gude, concelleiro do Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Xustificación de motivos

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como a gran poeta que a todas e todos representa, pois reclamou a redención da nosa terra e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galegitude intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo isto propoñemos ao Pleno Municipal deste Concello:

- Declarar, ou celebrar se xa foi declarado, o 23 de febreiro, Día de Rosalía, no noso concello.
- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 23 de febreiro.
- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
- Agasallar libros de autoras/es en lingua galega, comprados en librarías situadas no concello, ao alumnado daqueles centros de ensino que fagan actividades de celebración deste Día.

Vilagarcía de Arousa, 14 de febreiro de 2023

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila e Concelleiro non adscrito din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para declarar o día 23 de febreiro día de Rosalía de Castro.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACORDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG e:

- Declarar, ou celebrar se xa foi declarado, o 23 de febreiro, Día de Rosalía, no noso concello.
- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 23 de febreiro.
- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
- Agasallar libros de autoras/es en lingua galega, comprados en librarías situadas no concello, ao alumnado daqueles centros de ensino que fagan actividades de celebración deste Día.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=13>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14-- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA A IMPLEMENTACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRAL DE MELLORA DOS PARQUES DO MUNICIPIO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 23 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 15 de febreiro de 2023, do seguinte teor:

Moción para a implementación dun plan de actuación integral de mellora dos parques do municipio
EXPOÑEN

O día 8 de este mes coa eliminación das máscaras no transporte público, poñíase fin a tres anos de restricións provocadas pola Covid-19. Atrás quedaron as clases telemáticas, as xuntanzas so con conviventes, as limitacións nas visitas a maiores, os bares sen barras ou os militares desinfectando as rúas. En conclusión, esos días interminables de encerro, foron unha lección de vida que nos fixo valorar a importancia de disfrutar de tempo libre no exterior. Hoxe apreciamos, máis se cabe, a simplicidade de dar un paseo, unha saída á natureza ou levar a os nenos a xogar xuntos nos parques.

Por todos é sabido o moito que se gaña en calidade de vida cando podemos gozar de tempo de lecer ó aire libre e máis aínda cando vimos dunha pandemia que afectou tanto á nosa liberdade de movemento.

Coa importancia da reflexión anterior, estamos vendo como fai tempo que as queixas por parte dos veciños teñen un denominador común: o deterioro dos parques e do mobiliario urbano do municipio pola falta de limpeza e mantemento que precisan os espazos públicos.

Se miramos ao centro da cidade, fai xa un ano que o Grupo Municipal Popular presentou unha moción na que se pedía o acondicionamento, entre outros, do parque Celso Emilio Ferreiro. Estas melloras comezaron a realizarse fai dúas semanas, é dicir, un ano despois. A mesma situación está a sufrir o parque da Coca ou o Miguel Hernández. A súa imaxe descoidada é motivo de denuncia habitual entre a cidadanía. Non se entende como dous espazos con tantas posibilidades para o disfrute dos pequenos e maiores, sexa hoxe unha zona chea de obstáculos, con baldosas levantadas, ramas de árbores caídas, césped pantanoso e xogos precintados.

Se miramos ao rural, a situación é a mesma. Os habitantes de Faxilde, Rubiáns, Cornazo ou Trabanca Sardiñeira, por sinalar algúns, sofren o abandono dos parques en xeral pola falta de actividades tan sinxelas como unha limpeza continuada no tempo que evite o deterioro das zonas e do mobiliario situados en entornos destinados para o disfrute da poboación.

A veciñanza so quere que o Concello cumpra coas súas obrigas de manter en óptimas condicións os espazos públicos que como se expón durante todo o texto, son tan valorados hoxe, máis que nunca.

Polo tanto, e por todo o exposto, o Grupo Popular de Vilagarcía
SOLICITA

1. Que o Concello de Vilagarcía garanta a accesibilidade, a limpeza e o mantemento dos parques do noso municipio mediante un correcto plan de rehabilitación de todos os xardíns situados tanto no centro como nas zonas rurais.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e PP e Concelleiro non adscrito informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e Podemos-Marea da Vila

din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para a implementación dun Plan de actuación integral de Mellora dos Parques do Municipio.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACORDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e garantir a accesibilidade, a limpeza e o mantemento dos parques do noso municipio mediante un correcto plan de rehabilitación de todos os xardíns situados tanto no centro como nas zonas rurais

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230123&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230223&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230223&punto=16>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

17.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLERIOS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Polos Sres/as. Concelleiros/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230223&punto=17>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

18.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS/AS CONCELLERIOS/AS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230223&punto=18>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

19.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20221027&punto=19>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.